



ANUNCIO

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 26 de xaneiro de 2022**.

1. Apróbase o borrador da acta anterior, celebrada o día 19 de xaneiro de 2022.
2. Acórdase a corrección de erro no acordo de Xunta de Goberno Local de 20.11.2019, de concesión de licenza de obras para o acondicionamento interior da entreplanta con cambio de uso de oficina a dúas vivendas, na rúa Méndez Núñez nº 76, entrechán.
3. Acórdase a aprobación do expediente de contratación da obra de Execución subsidiaria de adaptación da Edificación construída ás condicións da Licenza do Inmable sito en Camiño de Aguete, nº 180, Marín.
4. Acórdase a corrección de erro no acordo de Xunta de Goberno Local de 17.11.2021, de solicitude, á Deputación de Pontevedra, reinversión dunha parte restante da Baixa xerada no investimento “Humanización e renovación de servizos en camiño Vello de Seixo”, en concreto o importe de 18.884,39 euros, no financiamento dos honorarios de redacción do proxecto, de dirección de obra e de coordinación de seguridade e saúde das devanditas obras.
5. Dáse conta das bases e da convocatoria para o 2022, das subvencións a entidades locais para a programación de actividades de dinamización da lectura.
6. Dáse conta das bases e da convocatoria para o 2022, das axudas para centros museísticos da Comunidade Autónoma.
7. Dáse conta das bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións ás agrupacións de persoal voluntario de protección civil de concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupación de concellos, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022.
8. Dáse conta das bases polas que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2022, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia
9. Dáse conta da concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2022-2023.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000A95A200Q7E2B1G7B1V6 en https://sede.concellodemarin.es	FIRMANTE - FECHA	EXPEDIENTE : 2022SE001-005
	BLANCA ANA ROIG SÁNCHEZ-Secretaría Xeral - 04/02/2022 MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 04/02/2022 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 04/02/2022 13:49:46	Fecha: 20/01/2022 Hora: 10:22 Und. reg: REGISTRO GENERAL



10. Dáse conta da concesión de licenza de obras para a reforma da cuberta de fibrocemento por nova estrutura metálica e panel sandwich acabado en tella cerámica, no edificio situado na rúa D. Otero Ulloa nº 22, Seixo.
11. Dase conta da corrección de erros na concesion licenza de parcelación, finca matriz de referencia catastral: 36026A028006110000LS.
12. Acórdase a solicitude dunha subvención por importe de 119.902,86 € con cargo á liña 3 (emprego) do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022/2023, con destino ao financiamento da contratación de dez peóns de obras.
13. Dáse conta das bases reguladoras das subvencións destinadas ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero, no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas, no marco do Pacto do Estado contra a violencia de xénero, e se convocan para o ano 2022.
14. Acórdase a aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Marín para a execución da actuación "HUMANIZACIÓN DA CONTORNA DO MERCADO MUNICIPAL DE SEIXO". PROGRAMA REACPON.
15. **Rogos e preguntas.** Non se formulan

A ALCALDESA,

María Ramallo Vázquez.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000A95A200Q7E2B1G7B1V6 en https://sede.concello demarin.es	FIRMANTE - FECHA	EXPEDIENTE : 2022SE001-005
	BLANCA ANA ROIG SÁNCHEZ-Secretaría Xeral - 04/02/2022 MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 04/02/2022 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 04/02/2022 13:49:46	Fecha: 20/01/2022 Hora: 10:22 Und. reg: REGISTRO GENERAL

